

Prescricións técnicas para a contratación dunha asistencia técnica para a elaboración da Estratexia de desenvolvemento local participativo do Galp Costa Sostible a executar no período de programación do FEMPA (2021-2027)

Xustificación.-

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Seo Fisterra Ría Muros Noia. Costa Sostible foi recoñecido como entidade colaboradora pola Consellería do Mar para o desenvolvemento sostible das zonas de pesca no marco do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca 2014 – 2020, segundo o convenio de Colaboración asinado coa Consellería do Mar na data do 23 de febreiro de 2016. O programa mencionado remata o vindeiro 31 de decembro de 2022. Na data do 25 de maio publicase por parte da Consellería do Mar a Orde do 10 de maio de 2022 que establece as bases reguladoras para a selección de Estratexias de desenvolvemento local participativo (en diante EDLP) e Grupos de Acción local do sector pesqueiro (en diante Galp) no marco do período de programación do Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA) 2021-2027, en Galicia.

Obxecto da Asistencia Técnica.-

Desenvolvemento pormenorizado da Estratexia de desenvolvemento local participativo para o período de programación FEMPA 2021-2027 do Galp Costa Sostible segundo o Anexo IV da mencionada Orde e que se poderá consultar no seguinte enlace:

<https://mar.xunta.gal/gl/o-mar/o-sector/grupos-de-accion-local-do-sector-pesqueiro/galp-fempa-2021-2027>, e presentación da candidatura do Grupo a ser novamente seleccionado como Galp no seu ámbito territorial

O desenvolvemento do proceso participativo, para a elaboración do documento non será obxecto deste procedemento de contratación.



Metodoloxía a utilizar.-

O procedemento de traballo ten que ser simplificado, co fin de dispoñer dos documentos no prazo máximo de execución, ao igual que o plan de traballo que estará supeditado ao desenvolvemento do proceso participativo realizado polo Galp Costa Sostible ou a asistencia técnica contratada para tal fin.

Os contidos dos distintos apartados da EDLP serán expostos pola empresa adjudicataria xunto coa xerencia á comisión de seguimento nomeada pola Xunta Directiva para a planificación da EDLP quen decidirá a súa idoneidade para incluír no documento. Dita comisión está integrada por un representante do sector público, dous do sector pesqueiro, un representante do sector social un representante do sector económico e o presidente do grupo, que poderán contrastar os distintos contidos coas súas correspondentes mesas sectoriais.

Contido das propostas.-

A oferta deberá incluír:

1. Proposta técnica. As propostas deberán incluír un plan de traballo no que especifiquen como abordarán os puntos indicados no obxecto de contrato, así como un cronograma de execución das distintas fases do traballo
2. Orzamento desagregado.
3. Anexo III Declaración responsable do licitador.

Solvencia Técnica e Económica.-

Requisitos de cumprimento: A realización por parte do licitador de polo menos unha EDLP ou similar para unha entidade colaboradora coa administración na xestión dun programa europeo, e a realización de polo menos un traballo que abrangue ao ámbito territorial da entidade contratante e demostre un coñecemento previo do territorio e dos seus sectores económicos.

En canto á solvencia económica deberá acreditarse con certificacións de estar ao día do pagamento coa Seguridade Social e obrigas tributarias coa Axencia Tributaria de Galicia e obrigas tributarias coa AEAT .

Terase en conta que os requisitos de solvencia técnica e económica, se cumpren mediante a presentación dunha declaración responsable, só a empresa finalmente seleccionada estará abrigada á presentación dos documentos acreditativos antes da adxudicación.

O cumprimento deste apartado será requisito indispensable para que a proposta presentada sexa valorada.

Prazo de execución.-

O prazo de execución para o obxecto da asistencia técnica será de tres meses dende a adxudicación da contratación.

Criterios de adxudicación.-

O contrato adxudicarase á oferta máis vantaxosa economicamente dentro das que cumbran coas especificacións técnicas e económicas, segundo as seguintes puntuacións:

- **Criterios non valorables de forma automática.**

Proposta técnica 25 puntos. Valorarase o plan de traballo considerando as propostas respecto dos contidos indicados no obxecto de contrato. En particular a metodoloxía de traballo empregada así como o grao de detalle de desenvolvemento de contidos en relación co modelo establecido pola Consellería do Mar, atendendo especialmente ao detalle no proceso de elaboración do diagnóstico da zona costeira.



- **Criterios valorables de forma automática.**

75 puntos - á oferta máis económica e, proporcionalmente, as restantes seguindo a seguinte fórmula:

$$P_i = XX \frac{(OL - O_i)}{(OL - O_B)}$$

XX= Puntos do criterio

P₁= Puntuación da oferta (sen IVE)

OL=Orzamento de Licitación (sen IVE)

O_B = Oferta mais baixa das presentadas (sen IVE)

O_i = Oferta a valorar (sen IVE)

Prazo de presentación das ofertas.-

O prazo para a presentación de ofertas é de dez días naturais dende a data de publicación destas prescricións no enderezo web <https://galp.xunta.gal/seo-fisterra-ria-muros-noia> e rematará o vindeiro dezaseis de xuño. As propostas presentaranse por correo electrónico no enderezo galp.mar.costasostible@xunta.gal.

Prezo do contrato.-

O orzamento máximo de licitación é de **14.995,00 euros máis IVE** non aceptándose ningunha proposta por riba desta contía.

No prezo da oferta enténdese que os licitadores incluíron todos os traballos que corresponden ao desempeño do obxecto do contrato, en consecuencia o adxudicatarios non poderá esixir o pago de cantidade algunha por outros conceptos.



Grupos de Acción Local
do sector Pesqueiro
Seo de Fisterra Ría de Muros-Noia:
Costa Sostible



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO MARÍTIMO
Y DE PESCA (FEMP)

Obrigas do Adxudicatario.-

1. O adxudicatario queda obrigado a cumprir aos extremos a proposta presentada e valorada.
2. O adxudicatario levará a cabo o servizo con absoluta confidencialidade e coa debida dilixencia. A información, documentación e material entregado pola entidade contratante , ao que teña acceso terá como finalidade exclusiva o uso para o servizo contratado.
3. O adxudicatario recoñece expresamente que os datos de carácter persoal ou de empresa, aos que tivera acceso por razón da prestación obxecto do presente contrato, son exclusiva propiedade da entidade contratante, polo que non poderá aplicalos ou empregalos para un fin distinto.
4. O resultado do traballo realizado, na súa totalidade ou en calquera das súas fases, así como o deseño da imaxe corporativa ou calquera outro produto resultante serán propiedade do Galp Costa Sostible.
5. Os dereitos e obrigacións do contrato resultante non poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro.

En Muros a 6 de Xuño de 2022

Daniel Formoso Moledo

Presidente Galp Costa Sostible